landra

Revista informativa da Unidade de Promoción e Desenvolvemento
Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

Outubro 2006

ESCOLAS ABERTAS. OBRADOIRO DE EMPREGO "O CRUCEIRO"

OLEADA DE LUMES

EDELMIRO LÓPEZ IGLESIAS. D.X. DE DESENVOLVEMENTO RURAL

AS CAUSAS ESTRUTURAIS DOS INCENDIOS FORESTAIS EN GALICIA

Sumario

Editorial

Desenvolvemento e explotación sostible dos montes como medida preventiva ante os incendios forestais

Tribuna

As causas estruturais dos incendios forestais en Galiza

Escolas abertas

Oleada de lumes

Rehabilitación e mantemento dos muíños de auga

Menú do día

Obraquedobra

Coloquio co obradoiro de emprego de Rianxo sobre o seu traballo de recuperación do monte

O paso da escola obradoiro polo concello de Cangas

Abonda coa formación en Educación Básica para obter o graduado en ESO?

Apuntamentos

A importancia dunha silvicultura axeitada na reforestación dos montes

Podemos vencer aos lumes forestais

Os montes periurbanos de Vigo

landra

Revista informativa

Edita:
Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

Unidade de Promoción e Desenvolvemento

Dirección:
Zara Pousa Arbones

Equipo editorial:
María Alonso Rey
Rosa Calvo Buxó
Blanca González de la Cuesta
Julio López Walliser
Silvana Martínez Rodríguez
Marisa Otero Custodia
Mercedes Pousa Pereira
Francisco Gabriel Quintáns Ríos
Susana Rivadulla López
Berta Saavedra Fernández
Xulio Troitiño Dapena
Sonia Vila Carrizo

Colaboran neste número:
Alumnado e Equipo Directivo / Docente do OE "A Veliña" de Rianxo
Alumnado e Equipo Directivo / Docente do OE "O Cruceiro" de Moaña
Alumnado e Equipo Directivo / Docente do OE "Concello de Mos"
Edelmiro López Iglesias
Daniel Paz Antón
Purificación Ferro Varela
Iago Capelo Graña
María López Leyro
Xosé Alfredo Pereira Martínez
Antonio Comesaña Solla
José Pérez Vilariño
Seminario de Estudios Socioeconómicos de Pontevedra Carlos Velasco
María Jesús Iglesias Mouteira

Unidade de Promoción e Desenvolvemento
Vía da Hispanidade, 17. 36203 Vigo

Teléfono: 986 423366
Fax: 986 4714 44

e-mail: updvigo@maiv.org
web: www.maiv.org/upd

Depósito legal: VG-129-2001

Imprime: Tórculo

Desenvolvemento e explotación sostible dos montes como medida preventiva ante os incendios forestais

Editorial

Nestes últimos meses, os incendios forestais volveron a demostrar que constitúen unha das maiores ameazas para a estabilidade e produtividade das masas forestais galegas, cunha superficie queimada que superou con gran diferenza á de anos anteriores.

Os propietarios forestais, e principalmente a figura das comunidades de montes veciñais en man común, propietarios dunha parte importante da superficie forestal arborada galega, empezan a dar conta da necesidade de dar prioridade ás accións encamiñadas a diversificar os usos do monte de cara a obter unha xestión sostible que axude a previr os incendios forestais, e que asemade contribúa a mellorar a súa economía local.

A ordenación dos montes galegos atendendo unicamente a criterios de produción madeireira pode levar ao sector forestal a unha situación de grave crise, por un lado debido ao perigo que supoñen os incendios forestais, e por outro aos baixos prezos que está acadando a madeira nas especies de crecemento rápido.

Ante esta crise do monte galego, algunhas comunidades de montes empezan a formular unha xestión do mesmo, atendendo a criterios de multifuncionalidade, tratando de optimizar as tres funcións tradicionais -produtiva, ecolóxica e social- como unha ferramenta para favorecer un proceso de desenvolvemento dos valores locais, frear a ameaza que supoñen os lumes forestais e buscar o sustento da propiedade a partir dos recursos naturais dispoñibles.

A xestión forestal de uso múltiple permite que distintos bens, servizos e condicións teñan lugar nunha mesma propiedade e territorio. En relación a isto, tamén a Unión Europea avoga por un modelo de política forestal, que garanta a sostibilidade económica, asegurando que as actividades dependentes do territorio forestal xestionado teñan economicamente, a súa continuidade no futuro predicible. Outro alicerce, a considerar é a sostibilidade social, dirixida ao mantemento da estrutura da poboación e mellora das economías locais que dependen do territorio forestal. E xa por último, a busca da sostibilidade medioambiental encamiñada a evitar a degradación dos ecosistemas forestais e garantir a protección dos recursos e procesos naturais.

Ante os lumes que veñen asolando Galicia nos últimos anos, resulta necesario implantar modificacións na xestión e explotación que actualmente se ven levando a cabo nos montes galegos, de cara a establecer unha diversificación de usos e producións atendendo a criterios de sostibilidade.

> Os propietarios forestais empezan a dar conta da necesidade de diversificar os usos do monte para obter unha xestión sostible que axude a previr incendios

Editorial

Este feito leva a considerar pois, o valor doutros produtos complementarios ou secundarios ás chamadas producións principais. Neste cambio cara unha explotación sostible como medida preventiva ante os incendios forestais, poden considerarse entre outros, os seguintes usos: sistemas silvopastorais, produción de cogomelos, apicultura, actividade cinexética, uso recreativo, produción de biomasa, conservación do patrimonio cultural e arqueolóxico, cultivo de plantas medicinais e outros.

Neste senso, as áreas forestais galegas debido a unha conxunción de factores climáticos, topográficos, edáficos e de vexetación, constitúen espazos con grande potencialidade para a produción de cogomelos, aparecendo unha flora fúnxica moi variada e que pode ser susceptible de comercialización. Tamén os aproveitamentos silvopastorais, que compatibilizan a produción de madeira e gando. Parece moi adecuado empregar razas rústicas galegas compatibles coas masas arbóreas á hora de diversificar a produción do monte, acurtar o prazo de retorno das inversións, e asemade, reducir de forma importante o risco de incendios forestais mediante a diminución do combustible vexetal do sotobosco.

Non menos importante é a actividade apícola, que pode introducir potencialmente ingresos adicionais para os propietarios, ademais, hai que engadir o seu gran valor ecolóxico, a través da polinización que levan a cabo as abellas das plantas, clave na súa reprodución e garantía da diversidade xenética de moitas especies vexetais.

Por outro lado, debe levarse a cabo unha adecuada xestión silvícola, na que se integren unha serie de medidas e accións encamiñadas a unha explotación racional e sostible dos recursos naturais, contribuíndo a manter a biodiversidade das masas forestais. Debe tenderse cara a eliminación de grandes superficies monoespecíficas de especies de crecemento rápido. Neste senso, a introdución de mosaicos de frondosas autóctonas, actuarán como cortalumes naturais debido a súa menor combustibilidade. Por outro lado, deberá manterse unha estrutura equilibrada das masas forestais con obxecto de obter un aproveitamento adecuado das mesmas, contribuíndo así mesmo, á mellora na conservación da vida animal e vexetal dos espazos naturais.

> A adecuada xestión silvícola e unha explotación racional e sostible dos recursos naturais contribuirá a manter a biodiversidade das masas forestais

Dentro das actividades recreativas ou que non reportan beneficios tanxibles, hai que destacar o valor paisaxístico e recreativo, relacionados tamén coa calidade de vida da poboación e tempo de lecer. Non menos importante, é a actividade cinexética.

A xestión e explotación sostible dos montes pode e debe ser empregada como unha ferramenta que obstaculice e actúe como freo no continuo proceso de despoboamento das áreas rurais, conseguindo que volvan a ser atractivas sobre todo para os sectores mai xoves da poboación e desfavorecidos da estrutura social. Crearíanse deste xeito, novas oportunidades e expectativas futuras, conservando e recuperando formas de vida propias.

Como conclusión, pode afirmarse que a potenciación e respaldo no proceso de diversificación dos produtos forestais no monte, permitiría un aumento da capacidade de xeración de renda dos bosques, exercer un freo na situación de abandono da poboación rural, e así mesmo deter o incremento de risco de incendios forestais e a diminución de biodiversidade dos nosos bosques.

As causas estruturais dos incendios forestais en Galiza

Edelmiro López Iglesias
Director Xeral de Desenvolvemento Rural
Consellería do Medio Rural

O obxectivo destas notas é expoñer algunhas das causas estruturais, causas de fondo ou subxacentes, que facilitan a existencia e propagación dos lumes en Galiza, e axudan así a entender a permanencia e gravidade deste problema no noso país ao longo das últimas décadas.

Ao respecto, hai que comezar precisando que ningunha delas é a causa inmediata, e non explican pois en si mesmas o elevado número de lumes que veñen dándose aquí, e moito menos o volume e tipoloxía dos incendios que se rexistraron na primeira quincena de agosto deste ano. Neste plano, o das causas inmediatas, os datos existentes permiten facer tres afirmacións:

a. Os incendios existen como un problema en Galiza desde hai unhas catro décadas, e nestes últimos 40 anos o noso país rexistra de modo crónico un altísimo número de lumes.

b. Desde que hai algunha información estatística ao respecto constitúe unha constante que a inmensa maioría deses lumes son intencionados (moi poucos proceden de descoidos ou accidentes). E iso nunha porcentaxe mui superior á media do Estado, e tamén á que se constata nas outras CCAA do norte peninsular.

c. Non obstante, iso non significa que a tipoloxía e causalidade concreta dos lumes se mantivera invariábel no tempo. E neste aspecto, á luz da información dispoñíbel, semella claro que os incendios rexistrados na primeira quincena de agosto de 2006 presentan elementos diferenciais respecto aos de anos precedentes.

Partindo das constatacións anteriores, parece indiscutíbel que para avanzar na solución do problema é necesario reforzar as actuacións en dous ámbitos:

- A investigación policial sobre os incendiarios e as súas motivacións.
- O castigo, a través dos mecanismos do Estado de Dereito, desas condutas delictivas.

Tribuna

Edelmiro López Iglesias

Tribuna

Os datos permiten afirmar que existen "causas estruturais" que teñen contribuído a que os incendios se converteran no noso país nun problema permanente e de enorme gravidade

Non obstante, máis alá da causalidade inmediata, os datos permiten afirmar que existen "causas estruturais" que teñen contribuído a que os incendios se converteran no noso país nun problema permanente e de enorme gravidade. Estes factores estruturais xogan un papel esencial como "caldo de cultivo" da actividade incendiaria, en tres direccións:

- Favorecen a propagación dos lumes, unha vez iniciados, pola acumulación de materia orgánica nos montes e as características das masas forestais.

- Dificultan os labores de control e extinción dos incendios.

- E poden estar mesmo, nunha parte dos casos, na orixe última da actividade incendiaria.

Por todo iso, ao lado da investigación e represión da conduta delictiva dos incendiarios, é imprescindíbel coñecer esas causas estruturais que contribúen á xeración e propagación dos lumes, co fin de deseñar as políticas a aplicar no futuro.

As causas estruturais dos incendios

De modo sintético, podemos situar as causas estruturais dos incendios en Galiza en tres fenómenos. Tres fenómenos que marcan os cambios rexistrados pola nosa agricultura e o noso medio rural desde mediados do século XX, pero que se acentuaron nos últimos 15 anos; e que, lonxe de corrixirse, foron reforzados polas políticas aplicadas durante este período polo Goberno Galego:

A. A abrupta desagrarización que experimentou a nosa sociedade, plasmada nunha caída fortísima da man de obra agraria e unha intensa desaparición de explotacións. Así, desde 1950 a poboación ocupada agraria reduciuse en case un 90% (de 827.000 persoas en 1950 a 95.000 en 2005); e só nos últimos 15 anos diminuíu en máis dun 70% (de 330.200 ocupados en 1989 a 94.800 en 2005).

Dada a falta de mobilidade da terra, ese axuste demográfico e a desaparición conseguinte de explotacións acompañáronse do abandono ou semiabandono dun volume crecente de superficies antes destinadas a usos agrarios (cultivos e pastos). De tal modo que o espazo agrícola-gandeiro, xa reducido historicamente, retrocedeu aínda máis (sobre todo nalgunhas comarcas), acompañándose do avance do monte ou as terras abandonadas. Neste ámbito, non só non se aplicaron medidas dirixidas a corrixir esas tendencias, senón que o Goberno Galego alimentou iso mediante a política de forestación de terras agrarias, aplicada desde 1993 e á que se destinaron cuantiosos fondos da UE.

B. Un segundo fenómeno a destacar son os cambios que se operaron nas terras de monte. Até mediados do século XX o monte, que ocupaba xa o 70% do territorio, era obxecto dun aproveitamento múltiple: produción de madeira, recollida da leña, uso do mato para a cama do gando, pastoreo e mesmo cultivo periódico de parte da súa superficie mediante as rozas ou estivadas.

> Obsérvase que as áreas cunha maior actividade agraria e as comarcas onde a produción forestal está relativamente asentada teñen unha menor incidencia dos incendios

Así, no que respecta ao uso gandeiro, segundo o Censo agrario de 1962 o gando pastaba en boa parte do monte, nun 39% da superficie, en parte como un aproveitamento mixto co arborizado. Deste modo, o monte acumulaba pouco mato, tanto por ese aproveitamento en pastoreo como polas cortas para a cama do gando.

Eses usos tradicionais do monte desapareceron nas últimas décadas, deixando paso a unha situación definida por dous fenómenos: a expansión da superficie arborada, na que se consolidou un modelo forestal centrado nas especies de crecemento rápido e cunha escasa ou nula ordenación e coidado da maioría das terras; e simultaneamente o abandono total de centos de miles de hectáreas de monte baixo (onde medra de forma incontrolada o mato)

C. Os problemas anteriores víronse agravados pola falta de ordenación dos usos do solo, que levou a dous fenómenos de grande relevancia para o tema que nos ocupa: a forestación de terras agrarias, moitas veces na proximidade dos núcleos de poboación; e a construción desordenada de novas vivendas. Todo o cal fai que hoxe nos encontremos con moitas aldeas ou casas dispersas que teñen o monte ao pe das vivendas.

O resultado final dese proceso de abandono do medio rural, sumado á dinámica desordenada dos usos do solo, pode resumirse en tres feitos:

- Existencia dun volume crecente de terras de monte total ou case totalmente abandonadas.
- Solapamento e conflitos entre diversos usos do solo rústico.
- Desvinculación crecente da poboación rural, unha poboación cada vez menor e máis envellecida, respecto ás terras de monte (o monte xa non é na maior parte dos casos un espazo humanizado, senón o "exterior", a natureza case selvática).

Neste sentido, é importante destacar que se observa en liñas xerais que nas áreas cunha maior actividade agraria é onde menos incidencia hai dos incendios, mentres que as comarcas máis conflitivas caracterízanse por unha menor actividade da súa agricultura, como sucede en gran parte das provincias de Ourense e Pontevedra. E que as comarcas en que a produción forestal está relativamente asentada e con masas ordenadas teñen tamén unha menor incidencia dos incendios, por obter do monte un maior beneficio.

Panorama sintética sobre os usos actuais da terra en Galiza

Dos aproximadamente 3 millóns de has cos que conta Galiza, a superficie ocupada polos cultivos e pastos limítase hoxe a unhas 700.000 has, ao redor do 25% do territorio. Unha porcentaxe que supón a metade da media na UE, e moi inferior á que potencialmente poderían alcanzar estes usos tendo en conta as aptitudes produtivas dos solos.

Excluída a superficie non agraria e improdutiva, quedan ao redor de 2 millóns de hectáreas ocupadas polo monte. Das cales

Tribuna

> Dos 2 millóns de hectáreas de monte tan só 200.000 ou 300.000 hectáreas están ordenadas. O resto ou se encontran abandonadas ou ben arborizadas pero cheas de maleza

un millón, en números redondos, corresponde a monte arborado, e o outro millón a monte baixo (hoxe totalmente abandonado na maioría dos casos). Precisando máis, o III Inventario Forestal Nacional, referido a 1997/1998, elevaba a superficie forestal arborada a 1.405.000 has, mostrando un forte incremento respecto ao II Inventario (1.045.000 has en 1986). Pero esa expansión do arborado explícase en boa medida polos cambios metodolóxicos entre ambas estatísticas.En calquera caso, máis alá das precisións estatísticas, o feito a destacar é que da superficie arborada só unha parte pequena está ordenada e é obxecto dunha verdadeira explotación forestal. Concretamente, na publicación *O monte galego en cifras*, editada en 2001 pola Consellaría de Medio Ambiente, aportábanse datos elocuentes: no 92,7% da superficie forestal arborada non se observan traballos de preparación do solo; no 86,3% non se realizan tratamentos culturais do voo, e tan só no 7,6% se fan limpas. A partir deses datos, pode afirmarse que dos 2 millóns de hectáreas de monte tan só 200.000 ou 300.000 has, sendo optimistas, están ordenadas. O resto ou ben se encontran abandonadas e dominadas polo mato ou arborizadas pero cheas de maleza; unha situación explosiva e moi difícil de xestionar.

Para completar o panorama debemos ter en conta a estrutura da propiedade desas terras de monte (os 2 millóns de has citados). Isto é básico para comprender mellor a magnitude dos problemas e para o deseño das políticas futuras:

- Preto de 700.000 has, ao redor do 22% do territorio galego, pertencen a Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (aproximadamente 2.800 comunidades). A maior parte destas superficies están a monte non arborizado ou arborizadas pero sen unha adecuada ordenación, debido á situación das propias comunidades (envellecemento, problemas organizativos, escaseza de recursos) e á deixadez da Administración nos últimos 15 anos.

- Unhas 400.000 has (preto do 15% do territorio) corresponden a terras de monte integradas nas explotacións agrarias. Nelas son os agricultores en activo os xestores das superficies, pero con enormes deficiencias (fragmentación parcelaria, ausencia de profesionalización dos agricultores na explotación forestal, ...)

- Finalmente, queda case 1.000.000 has (ao redor de 1/3 do territorio) de monte particular en mans de propietarios non agricultores. Aquí, aínda que existe un núcleo de empresarios forestais cunha xestión ordenada (sobre todo no terzo setentrional de Galiza), a inmensa maioría son pequenas extensións, en mans de centos de miles de propietarios, con fortes déficits estruturais e que na súa grande maioría presentan unha situación de abandono ou semiabandono.

É necesario ir (re)construíndo un aproveitamento multifuncional das terras de monte, non como o que había no sistema agrario tradicional senón adaptado ás novas condicións do século XXI dun modo ordenado

Algunhas notas sobre as liñas de actuación para o futuro

Nun plano xeral, pode afirmarse que a solución das causas estruturais dos incendios pasa pola ordenación e posta en valor das terras de monte, como parte dunha política xeral de revitalización do medio rural. O obxectivo, en síntese, é que a sociedade galega deixe de ver o monte como un problema, e o perciba como o que pode ser, un enorme potencial para o desenvolvemento das áreas rurais.

Para iso, é necesario ir (re)construíndo un aproveitamento multifuncional das terras de monte, non como o que había no sistema agrario tradicional senón adaptado ás novas condicións do século XXI. Un aproveitamento multifuncional no que deben ter cabida os diversos usos: forestal con madeiras de crecemento rápido, produción de madeiras de calidade a partir de especies de crecemento lento, aproveitamento gandeiro extensivo, produción de biomasa, funcións ambientais, uso recreativo e como espazo de ocio. Pero de modo ordenado.

A solución das causas estruturais dos incendios pasa pola ordenación e posta en valor das terras de monte, como parte dunha política xeral de revitalización do medio rural. Ten que percibirse o potencial do monte

Para avanzar nesa dirección son decisivas as novas políticas que se poñan en marcha desde a Administración, concretamente desde o Goberno Galego, e nese sentido fóronse dando pasos nos últimos meses. Pero é importante ter en conta dúas cousas:

- Esas medidas só van deixar sentir os seus efectos, na maioría dos casos, a medio e longo prazo (pola gravidade dos problemas e a propia natureza da produción forestal)

- Ademais, os problemas non poden ser solucionados só pola Administración, mediante normas legais e o uso de fondos públicos. Senón que se require: corresponsabilizar aos propietarios da situación dos seus montes; e lograr implicar aos investidores privados, e ao conxunto da sociedade, na valorización e coidado do monte.

Alumnado-traballador e equipo directivo e docente falan sobre os incendios habidos

Oleada de lumes

Escolas abertas

Obradoiro de Emprego "O Cruceiro"
Patronato Municipal Beiramar de Moaña

No período 2000-2005 houbo unha media de 10.748 lumes anuais con 225 lumes de media durante o mes de agosto.

Por enésima vez, volvemos a falar do mesmo problema, a pesar do aumento de medios humanos e técnicos, de que a educación e interese polas consecuencias negativas dos lumes aumenta e de que os recursos medioambientais dáselle cada día máis en valor.

Un ano máis, tras a oleada de lumes sufrida durante este mes de agosto, faise necesario repensar a política forestal do noso pais, coñecer as causas e consecuencias do lume, a quen prexudica e sobre todo a quen beneficia.

Montes incendiados no concello de Moaña

De novo, escoitaremos falar da falla de medios cualificados, dos cortalumes, pistas e tomadas sen limpar, da falla de podas, a nula eliminación de residuos por non dicir da utilización dos nosos montes como vertedoiros incontrolados.

Evidentemente, todos estes factores son favorecedores do lume, moi especialmente na zona do Morrazo, cunha topografía irregular e unhas redes de comunicación inapropiadas e a presenza de masas forestais, na súa maioría monoespecíficas e pirófitas como o piñeiro e o eucalipto.

> Un ano máis, tras a oleada de lumes sufrida durante este mes de agosto, faise necesario repensar a política forestal do pais e coñecer as causas do lume e as súas consecuencias, a quen prexudica e a quen beneficia

A política forestal dos últimos (e non tan últimos) anos favorecendo a implantación de especies de crecemento rápido fronte ás de crecemento medio e lento, transformando o bosque atlántico en grandes extensións de piñeiros e eucaliptos xunto coa cultura do lume que pervive no medio rural, demostrou ser unha política nefasta para os nosos montes.

Montes incendiados no concello de Moaña

Á presión que soportan tradicionalmente os nosos montes polas actividades económicas pódese incorporar nos derradeiros anos a ameaza da recalificación dos usos do chan, sobre todo nas zonas costeiras como é o caso do Morrazo e de Moaña en particular. Falamos da posibilidade de especulación urbanística para o cambio de uso do solo, unido a unha planificación urbanística na que priman intereses económicos por riba dos sociais ou medioambientais.

Sen dubida hai moitos máis factores que inflúen no lume, a seca, os ventos de compoñente norte, nordeste, o negocio da extinción de lumes e sobre todo os pirómanos e incendiarios.

As consecuencias por todos é coñecida, sobre todo as económicas, perdidas de pequenos sectores produtivos, en moitos casos de subsistencia como a recolección de mel, turismo, setas ou pesca fluvial e grandes como o madeireiro. Menos importancia dámoslle ás perdas medioambientais, a contaminación da atmosfera, dos ríos, a erosión que pon en perigo incluso sectores produtivos ata agora impensables como son os produtos da ría, ameazada pola erosión do solo.

Sen dubida, para nos que levamos oito meses traballando no monte, recuperando a flora e fauna autóctona do noso entorno, realizando tarefas silvícolas, de desbroce e mantemento dun entorno natural dunha riqueza arbórea e paisaxística de valor incalculable, poñendo en valor os nosos montes a experiencia deste verán é desoladora. Parte do noso traballo, arruinado nunha soa noite. Pero despois chegou outra, e outra, seis días de autentico inferno..

Como expresar con palabras o que sentes cando miras que o lume arrasa o teu monte, ese neno que coidas, mimas e che deleitas observando como medra, como todo é vida e ledicia no seu redor.

Oito meses traballando, estudando a súa flora, a súa fauna, as especies protexidas, os seus priegues intentando descubrir ata o seu último secreto para que a nosa intervención devolva a nosa fraga o esplendor que nunca debeu perder; esas horas estudando que flora é máis axeitada, que método silvícola empregar, cando fas podas, os clareos, todo para que nunha noite, triste e amarga, todo se bote pola borda.

Montes incendiados no concello de Moaña

Escolas abertas

Como non iamos ver imaxes na televisión de homes e mulleres feitas e dereitas chorando como nenos pola perda de toda unha vida de traballo e esforzo si nós que levabamos oito meses sufrímolos igual ou máis.

Pero un ano máis pasará a primaveira, e o verán, a época de maior risco de lumes e todo volverá ao caixón, ata o vindeiro ano, ata o vindeiro verán.

Chegarán as choivas, unha pequena masa vexetal voltará a florecer, todo parecerá estar en orde, pero debaixo, o noso monte estará enfermo e necesitará ducias de anos para recuperarse, si é que chega a recuperarse e novos lumes non o volven a arrasar.

Xa citando concretamente os efectos que o incendio que afectou a parroquia de Domaio tivo no noso traballo de creación da ruta de sendeirismo do río da Freixa, podemos comentar que por sorte non nos arrasou por completo a labor realizada aínda que a marxe dereita do sendeiro quedou en algúns tramos totalmente queimada o que lle fixo perder un importante valor paisaxístico.

Neste senso tralo lume as nosas labores están centrándose na recuperación desa marxe para a si evitar que coa chegada das choivas os restos alcancen ó río e así mesmo a limpeza e recuperación dalgunhas zonas, como por exemplo algún muíño e paso de madeira que resultou directamente afectado.

Chegarán as choivas, unha pequena masa vexetal voltará a florecer, pero debaixo, o noso monte estará enfermo

Durante a fatídica semana de agosto na que o monte de Domaio, principalmente, e outras zonas do concello de Moaña quedaron arrasadas polo lume, todos os veciños volcáronse nos traballos de extinción. Dende o módulo de xardinería-medioambiente deste obradoiro prestouse toda a colaboración cos medios de extinción dentro das zonas de actuación aínda que nos consta que os membros desta e doutras especialidades participaron activamente nas labores de extinción fora das horas de traballo.

Unha vez rematada a oleada de lumes, o alumnado traballador coincide en identificar as causas dos lumes coa falta dunha política de prevención baseada na limpeza dos montes e na reforestación con especies autóctonas e de menor capacidade pirífola, nas condicións climáticas e topográficas e no interese por recalificar terreos o marxe da existencia de pirómanos. Preguntados polas solucións tamén se centran nunha mellora da política de prevención baseada na limpeza, podas e reforestación con especies autóctonas, creación de cuadrillas permanentes e especializadas que conten cos medios mais modernos e eficaces e aumentar a campaña de concienciación..

Montes incendiados no concello de Moaña

Rehabilitación e mantemento dos muíños de auga

Daniel Paz Antón
Director do Obradoiro de Emprego "Os Cabaqueiros" do Rosal

Escolas abertas

Alumno traballador do O.E. "Os Cabaqueiros"

No vindeiro mes de outubro vaise celebrar en Madrid o vixésimo aniversario do programa de escolas obradoiro.

Parece que foi onte pero xa pasaron vinte anos do nacemento dun programa con máis luces que sombras que serviu para que moitas/os mozas e mozos deste país tiveran unha oportunidade de formarse para a súa inserción laboral e mesmo de acadar o seu primeiro emprego.

Serviu tamén, que dúbida cabe, para que un colectivo de profesionais atopase unha ocupación laboral, moi intensa e de moita responsabilidade, pero moi satisfactoria, xa que non existe labor máis importante que a de aprender aos demais para desenvolvérense por si solos neste mundo tan esixente, tan competitivo e moitas veces tan hostil.

Aproveitando as obras que serviron de vehículo para desenvolver os respectivos programas formativos, serviu este programa tamén para recuperar e rehabilitar cuantioso patrimonio natural, arquitectónico e cultural, ata o punto de que se lle pode atribuír o mérito de ter sido, nestes derradeiros anos, o programa que máis accións destas características promoveu.

Con motivo da efeméride anteriormente comentada, celebrarase unha exposición na que se pretende, dalgunha maneira, dar a coñecer o traballo que decotío estase a desenvolver nas diferentes escolas obradoiro, casas de oficio e obradoiros de emprego de todo o estado, e que, á vez, sirva de memoria retrospectiva do que durante estes derradeiros 20 anos foi o programa de escolas obradoiro.

O Obradoiro de Emprego "Os Cabaqueiros" que está a promover o Concello do Rosal, foi invitado a participar nesa exposición e alí estaremos. Descoñecendo se estará representado algún outro proxecto da provincia de Pontevedra, o noso espírito é o de representar a todos, especialmente a todos os que directa ou indirectamente estiveran ou están participando na recuperación de muíños de auga, como é o noso caso.

O Obradoiro de Emprego "Os Cabaqueiros" foi invitado a participar na exposición nacional que se celebrará con motivo do XX aniversario do programa de escolas obradoiro

Escolas abertas

E farémolo, expoñendo alí unha maqueta a escala natural que pretende amosar o redeño dun muíño de auga. Expoñeremos a vara do rodicio ou touzo, dun muíño ao que lle estamos a restaurar o seu mecanismo propulsor, co seu rodicio encaixado e todo el apoiado no arrieiro a través da abradoira ou ra e da agulla, todo elo pola parte inferior. Pola súa parte superior encaixado no lobete, beo e segorella que firmemente engarzada a moa e a que propicia a moenda do gran sobre o pé.

Todas as pezas que expoñeremos son auténticas pero con diferentes elementos novos produto do proceso de restauración aos que se viron sometidas polos alumnos/as-traballadores/as de carpintería. Por exemplo, do rodicio de madeira houbo que restaurar tódalas penlas, que son as aspas nas que bate a auga que sae pola fichueira.

En fin, que procuraremos transmitir o importante labor que estamos a desenvolver na provincia de Pontevedra en materia de formación e de recuperación do noso riquísimo patrimonio, neste caso etnográfico, coa sempre ineludible perspectiva da inserción laboral de tódolos cidadáns da nosa terra.

E claro, ese labor de restauración de muíños e da súa posta en valor, como a de calquera outro tipo de patrimonio, está aí para ver e mesmo para gozar, pero claro, a cuestión que se suscita moitas veces é a seguinte: ¿ocuparase alguén de manter o que se está a restaurar?, é máis ¿vale a pena restaurar se despois non se ten a certeza de que se vaia a manter?

> Hai que poñer o máximo empeño en que haxa os medios necesarios para que este patrimonio etnográfico, unha vez posto en valor, se manteña indefinidamente

Eu coido que vale a pena e que hai que poñer o máximo empeño para que, dunha maneira ou doutra, haxa o interese e os medios necesarios para que as tarefas mínimas de mantemento deste patrimonio etnográfico, unha vez posto en valor, se manteña indefinidamente.

No relativo aos muíños de auga, é sorprendente a cantidade deles que existen ao longo da nosa xeografía, pero tamén é verdade que da verdadeira mágoa ollar o estado lamentable no que se atopan cando chegamos alí para seren restaurados. É máis, moitísimas veces non é pouco o tempo que se perde en pescudar onde se atopan. Cando non é pola desaparición dos camiños de acceso o é pola vexetación que o ten envolvido, ou ben porque pouco máis queda que as cimentacións practicamente inapreciables. Non falemos xa das canles abastecedoras da auga enerxética, moitas veces desaparecidas do mapa, ou mesmo dos ríos e regatos que pasan ao seu carón cheos de lixo, de maleza e de todo tipo de contaminantes. Os mesmos camiños circundantes a eles amósanse practicamente inaccesibles.

Parece mentira que toda unha actividade tan arraigada na cultura galega, a teñamos tan esquecida, cando incluso chegou a dar forma e nome ao noso baile popular por excelencia, como é a muiñeira, e que nos legou fermosísimas cantigas, vaia como exemplo unha moi apropiada para o que estamos a falar:

"O meu muíño é velliño

non o queren arreglar

cando arreglen o meu muiño

cantos anos pasarán"

Ben, pois o que estamos a facer moitas escolas obradoiro e obradoiros de emprego é precisamente iso, arreglar os muíños velliños, de 200, 300 ou a saber de que idade, así como os seus contornos, camiños, canles, regatos, accesos, etc.

Non soamente iso tamén estamos a facer esforzos de divulgación da existencia dos mesmos e mesmo da nosa labor de restauración co ánimo de seren visitados, mediante a elaboración de dípticos, tríptico, carteis, etc. Dun xeito teimado tratamos de convencer aos promotores das obras de restauración, da conveniencia da posterior labor de mantemento, dado o interese que está a espertar este tipo de actuacións no sector turístico, e sobre todo na recuperación das nosas sinais de identidade.

O Concello do Rosal, sorprendido pola enchente de visitantes e concienciado dos

Uns cantos muíños que están operativos están a servir para facer moendas co obxectivo de obter fariña de millo e servir de demostración aos visitantes

beneficios que para a economía local produciu a recuperación dos muíños do Folón e do Picón, así como o descubrimento dun espazo natural de valiosísimos valores ambientais, paisaxísticos, e culturais, non dubidou en acometer periodicamente as tarefas de mantemento, labor que ven desenvolvendo dende hai varios anos.

Por outra banda hai neste traxecto uns cantos muíños que están totalmente operativos, e outros en fase de pronta operatividade que están a servir para facer moendas co obxectivo de obter fariña de millo e para serviren de demostración ós visitantes.

En definitiva, coido que debemos perseverar nese labor de recuperación do noso patrimonio e tamén do seu mantemento, porque está demostrado que, ben enfocado, sempre produce unha rendibilidade.

"Ó muíño de meu pai

eu ben lle sei o tempero

cando está alto, baixalo,

cando está baixo, erguelo"

Menú do día

Purificación Ferro Varela
Directora da Escola Obradoiro "Hostalería do Salnés"

Escolas abertas

Entrantes

("A boa fame non hai pan duro nin falta salsa a ningún")

Alumnado-traballador da especialidade de cociña da E.O. "Hostalería do Salnés"

Despois de dirixir algunhas escolas obradoiro e obradoiros de emprego que sempre estiveron destinadas á recuperación do patrimonio ou a obras relacionadas directamente cun proceso construtivo, a aparición dunha escola obradoiro que ía ser destinada a algo tan diferente como era a hostalaría en xeral, suscitoume toda unha serie de preguntas, que naquel momento tiñan difícil resposta.

As miñas dúbidas ían dende cal podería ser a obra, entendida como sempre o fixeramos, que sucedería coas prácticas realizadas, como se poderían organizar,... ata como a aplicación dun programa formativo adecuado daría resposta ás esixencias que o mercado laboral de servizos solicita.

Os coñecementos que sobre dirección deste tipo de proxectos tiña, sempre foron acompañados por un coñecemento máis ou menos profundo dos oficios que ata esta data foran típicos en calquera escola obradoiro, e a 30 de xuño de 2005 atopábame dirixindo un proxecto cuxas especialidades eran totalmente descoñecidas para mín.

Á data de hoxe podo asegurar que xa sexa a colocación de ladrillos caravista nunha fachada ou a elaboración dun bo prato de polo ao chilindrón, como boa práctica formativa, pasa por unha boa xestión e unha boa organización do equipo que debe sacar adiante un programa que só se diferenza nos materiais ou produtos a empregar.

En principio o equipo directivo formado pola titora e por min mesma, tivemos que escoitar e aprender de todo o que os nosos docentes nos foron contando sobre as súas profesións, para inmediatamente aplicar dita información ao que é o programa de escolas obradoiro, na mesma medida que eles tiveron que aprender a familiarizarse coa filosofía deste.

Primeiro prato

("A cada caixón o seu aldrabón")

Chegados a este punto todo o equipo, dirección, titoría, docentes e persoal de apoio, sabiamos cal era a fin que queriamos acadar, e que pasaba por unha adecuada formación dos nosos 36 alumnos e alumnas.

Parecía tamén lóxica a localización das instalacións na Lanzada, concello do Grove, non só por entender que o edificio propiedade da Deputación Provincial, e cedido á Mancomunidade do Salnés, dispoñía da infraestrutura necesaria (unha cociña axeitada, salóns comedor, cafetaría, habitacións, lavandaría e aulas), senón porque no entorno máis próximo localizábanse aqueles establecementos hostaleiros que poderían ser o destino final do alumnado traballador. Ademais na sede da escola desenvólvense campamentos de verán para nenos da Cidade Príncipe Felipe de Pontevedra, que permiten que o servizo principal do proxecto estea destinado a eles.

E xa metidos en "fariña" contarei que o noso alumnado, rapaces e rapazas da zona, son como calquera alumnado de calquera outra escola obradoiro, coas mesmas carencias, coa mesma incredulidade inicial, e coa mesma resposta final ao proceso formativo no cal participaran, é dicir, superada

Alumnado-traballador da especialidade de camareiro da E.O. "Hostalería do Salnés"

a primeira fase onde non entendían ben que facían eles por alí, ou non se crían capaces de aprender o que se lles pretendía ensinar, agora mesmo atópanse en disposición de responder sobradamente á demanda que o sector solicita, pero ademais séntense orgullosos do seu paso pola escola obradoiro, na mesma medida que eu me sinto orgullosa da súa aprendizaxe, da súa actitude e dos resultados finais que a nivel persoal e profesional acadaron.

Escolas abertas

Segundo prato

("Á ola que ferve, ningunha mosca se atreve")

Alumnado-traballador da especialidade de limpador da E.O. "Hostalería do Salnés"

A escola obradoiro conta cos módulos de cociña, camareiro/as de restaurante-bar e camareiro/as de pisos-limpador/as-pasador/as de ferro.

Cada un dos módulos dedícanse ás técnicas específicas da especialidade, organizando a teoría e a práctica segundo os certificados de profesionalidade correspondentes, como ocorre noutras escolas obradoiro, aínda que coa salvidade de que o resultado das prácticas (os pratos elaborados) é envasado e remitido a Cáritas Interparroquial.

A nosa obra xira en torno á difusión da cociña típica, xornadas de degustación de produtos típicos (destinadas ao sector hostaleiro de outras comunidades autónomas, e organizadas a través dos nove concellos que integran a Mancomunidade do Salnés), elaboración dunha guía gastronómica e de viños, servizo aos nenos do Príncipe Felipe (almorzo, xantar e limpeza de instalacións), e reparación e confección de roupa para Cáritas Interparroquial.

A escola presentou aos medios de comunicación, o bufé almorzo, xantares, ceas e sobremesas propios do Nadal, menús específicos para festividades e celebracións, aperitivos confeccionados con produtos do mar, como as algas e ourizos, cocteleiría diversa, ...

Así mesmo, e ademais das xornadas de degustación organizadas polos concellos, a escola obradoiro elaborou, presentou e serviu un menú ao Presidente da Deputación, alcaldes e concelleiros de turismo da Mancomunidade do Salnés, co obxectivo de calibrar exactamente a aprendizaxe dos nosos alumnos.

Escola Obradoiro "Hostalería do Salnés"

Sobremesas

("Amigos, ouros e viños, cuanto máis vellos máis finos")

En canto á inserción laboral, postos en contacto persoal e telefonicamente cos responsables dos establecementos hostaleiros antes mencionados, e despois de explicarlles detalladamente o noso proxecto, acordamos varios convenios que posibilitarán a inserción da práctica totalidade do alumnado. Valga como exemplo o convenio acordado co Gran Hotel da Toxa, polo cal se colocarán 8 dos nosos/as alumnos/as nas tres especialidades, entre tanto e para que se puideran difundir os coñecementos e capacidades do noso alumnado utilizouse a fórmula do contrato a tempo parcial para cubrir horarios de tarde e fin de semana, e no cal participaron 24 alumnos/as.

Café e licores

("Detrás virá quen bo te fará")

Escola Obradoiro "Hostalería do Salnés"

Este é un bo momento para non esquecerme de resaltar a excelente labor que Mª José como titora está a desenvolver, a dedicación e o cariño que Jacobo, Isabel e Santi como monitores de esta escola poñen no quefacer diario, e tamén agradecer a boa colaboración de Laura, a nosa administrativa, Susana, a nosa profesora de educación compensatoria, e Rosa, a nosa profesora na complementaria de orientación.

E para rematar, comentarei a boa colaboración que sempre recibimos da entidade promotora, a Mancomunidade do Salnés, e das asociacións Érguete do Grove e Avante de Portonovo, que posibilitaron coa súa iniciativa a existencia desta escola.

Coloquio co obradoiro de emprego de Rianxo sobre o seu traballo de recuperación do monte

Obraguedobra

"O traballo do obradoiro incentivará á xente a rehabilitar o solo e non simplemente reforestar "

O director do Obradoiro de Emprego "A Veliña" de Rianxo, Santiago Páramo, a profesora da especialidade de xardinaría, Carmela Alfonso, e tres alumnas da mesma especialidade, María Esther Piñeiro, Carme Moares e María Xosé Rial, falan sobre a súa experiencia traballando na recuperación dos montes estragados durante os incendios de agosto.

Santiago, Carmela, María Esther, Carme e María do OE "A Veliña" xunto con Berta da UPD

UPD: ¿Como xurdiu a idea de que o obradoiro de emprego participara nas tarefas de recuperación dos montes?

Santiago: No momento da catástrofe dos incendios, dentro da especialidade de xardinería existía a posibilidade de realizar unha intervención inmediata en canto a rexeneración da capa do solo. Para levar a cabo dita intervención, estableceuse contacto co Concello de Rianxo, que valoraron a iniciativa de forma importante e se dixo que había que actuar con inmediatez, así como co Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas do CSIC.

UPD: ¿Como xurdiu a colaboración con Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas de Galicia (IIAG)?

Carmela: Acontecida a catástrofe eu preguntábame que poderíamos facer despois. Foi sorprendente que a xente da ría xa estaba maquinando no que se lle viña enriba e que non se estivera facendo nada ao respecto. A min doíame especialmente que se laiaran de que ía haber uns danos e que non se estivese facendo nada para que eses danos non se produciran. Entón recordei unha conferencia da xefa do Departamento de Solos do IAAG, Monserrat Díaz, na que se falaba de qué facer no monte despois dos incendios.

UPD: ¿Con que colaboración contaron no momento de levar a práctica esta experiencia?

Santiago: A parte do apoio do Concello e IIAG, contouse coa colaboración das comunidades de montes de Leiros e Asados e coa empresa Calfensa, que contribuíu coa provisión de sementes. Tamén recibimos certas orientacións da Consellería de Medio Rural con respecto a recuperación do solo.

UPD: ¿En que consistiu esta iniciativa?

Santiago: Tratouse dunha experiencia demostrativa ao tempo que dun traballo de investigación que derivará nuns resultados que valorados convenientemente incentivarán a que a xente realice tarefas de rehabilitación do solo e non simplemente de reforestación. Así mesmo, xa dentro dos modelos de actuación que integran os obradoiros de emprego, cun caracter práctico, innovador e comunitario, esta experiencia encaixa no marco dun labor formativo novidoso de investigación-acción que pode xerar emprego no ámbito de actuación do monte. Consecuentemente, elaborarase un documento básico para divulgar entre os veciños que aconselle o que facer na recuperación dos montes (como conseguir a semente, como conseguir materiais, etc.)

UPD: ¿Cales foron as tarefas que se realizaron para a recuperación dos montes?

Carmela: Desenvolvéronse fundamentalmente tarefas de rehabilitación do solo. Para iso seguimos as directrices que o IIAG nos marcou: mínimo impacto sobre o solo, non usar maquinaria pesada nas parcelas queimadas e utilizar mesturas de residuos orgánicos e sementes. En principio, xa que non tiñamos outra cousa fixemos mesturas con gramíneas soamente, ata que empezamos a ter as primeiras leguminosas

Así mesmo, seguindo as indicacións do presidente da Sociedade Galega de Historia Natural, Serafín González, fixemos barreiras de contención con polas e madeira cortada para controlar as escorrentías provocadas polas primeiras chuvias e evitar así que a cinza se desprenda e chegue aos cursos da auga contaminando a ría.

UPD: ¿Qué diferenzas existen entre o traballo de recuperación do monte que vos realizastes e as tarefas de reforestación que se fan normalmente?

Carmela: A cuestión está en impactar o menos posible sobre o solo. Como dixo Monserrat Díaz, "que non andaramos senón que flotaramos sobre o chan". Despois dun incendio, o monte é como un papel queimado. Se non o tocas mantén debilmente a súa estrutura, pero si se toca voa todo polos aires. Non se pode rastrexar. Se utilizas semente soa, dano non fai, pero se a mesturas con residuos orgánicos obtéñense moito mellores resultados.

María Xosé: Antes pensaban de retirar os piñeiros queimados e plantar outros, non reparaban en recuperar o terreo queimado. Pensaban que había que cortar todo e plantar de novo. Mais o que hai que facer é darlle vida o solo.

> Debíamos impactar o menos posible sobre o solo. Como dixo Monserrat Díaz do Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas, "que non andaramos, que flotaramos sobre o chan"

Obraquedobra

Carmela: Eu quero incidir moito no solo. Os forestalistas falan de reforestación e repoboación, ninguén fala de recuperar. Cando o primeiro que hai que recuperar é o chan. Se non tes solo non podes repoboar nada. A xente ve que se queimaron os árbores, pero non ve a vexetación do chan, e hai máis monte quizás no chan que arriba. Porque o chan unha vez que morre xunto coa erosión fai perder centímetros de solo que se tardan centos de anos en recuperar. Unha árbore tarda décadas en recuperarse, en cambio a capa de solo que se perde tarda séculos en recuperarse. O recurso arbóreo a medio prazo é recuperable o chan só e recuperable a moi longo prazo.

UPD: ¿A recuperación dos montes pode formar parte das especialidades de xardinería, forestal e medio ambiente?

Carmela: Xa o é. Polo menos no que respecta a rama de xardinería. Xardinería inclúe recuperación ambiental e rexeneración vexetal de zonas estragadas ben por incendios, ben por obra civil, etc. Os parques forestais teñen moito que ver cos parques periurbanos das vilas.

UPD: ¿Qué aprende o alumnado-traballador cando realiza tarefas de recuperación do monte?

Carme: A min gustoume aprender o que hai que facer despois de que un incendio estrague o monte.

Esther: Aprendemos a recoller antes e limpar para despois poder sementar. Aprendín a sementar, que nunca sementei.

UPD: ¿Qué acollida tivo esta iniciativa entre os veciños do concello de Rianxo?

Esther: Houbo de todo. Había algúns que dicían que o que faciamos estaba ben e outros que non valía para nada o traballo que estabamos a realizar.

UPD: ¿Interesáronse outras organizacións ou institucións polo que estabades a facer?

Santiago: Chamaron da Comunidade de Montes de Cotobade, que querían utilizar as técnicas aplicadas por nós no monte.

UPD: ¿Qué outras iniciativas pensades que se poden tomar desde o programa de escolas obradoiro e obradoiros de emprego de cara a recuperar montes queimados ou previr posibles incendios?

Santiago: Penso que igual que existen os obradoiros do Camiño de Santiago podería haber unha liña de obradoiros de emprego e escolas obradoiro referida a restauración ambiental, paisaxística, unido tamén o tema forestal. Si se establece unha nova política de coidado e recuperación dos montes fan falta novos traballadores para a aplicación desta política. Habería que ofrecer as comunidades de montes con apoio municipal dos concellos a posibilidade de desenvolver este tipo de obradoiros. O obxectivo destes obradoiros sería tripla: formar traballadores adecuados para este tipo de tarefas, traballar no que xa está e lembrar que non hai que descoidarse, que hai que seguir facendo ese traballo. Se un obradoiro de emprego traballa no coidado e recuperación de montes, as accións dese obradoiro de emprego terán unha repercusión, xa sexa nos medios ou na propia sociedade, e iso sirve como actuación exemplarizante. A memoria sempre é fráxil. Ten que seguir habendo estas actividades puntuais para recordar aos políticos e a sociedade que hai que facer cousas.

Carmela: Habería que incidir tamén na concienciación da mocidade. Os obradoiros terían que traballar máis todo o tema do verde cos colexios, cos institutos, en definitiva coa canteira, que é o futuro da sociedade. Nos empezamos a traballar este ano os hortos escolares, nos que o alumnado do obradoiro e o do colexio traballaban xuntos nas actividades a desenvolver.

O paso da escola obradoiro polo concello de Cangas

Iago Capelo Graña
Alumno-traballador da Escola Obradoiro "Granxa da Rúa III"

Obraquedobra

Nas obras realizadas neste período de formación teórica e práctica na Escola Obradoiro "Granxa da Rúa III" obsérvanse bastantes transformacións que melloran a imaxe dos respectivos lugares onde se realizaron as obras, e tamén a do concello en xeral.

> As obras levadas a cabo pola Escola Obradoiro "Granxa da Rúa III" supuxeron bastantes transformacións que melloraron a imaxe dos lugares onde se realizaron e do concello en xeral

No acondicionamento da rúa "Subida á Torre do Galo" a colocación dun novo empedrado das escaleiras e a substitución da infraestrutura viaria como é a colocación de novas canalizacións de saneamento, melloras no alumeado público, rede telefónica e a instalación da canalización do gas entre outras reformas, fan que a rúa que pertence ó casco histórico da vila teña unha mellor imaxe.

En Rodeira, o paseo marítimo tivo un importante cambio coa colocación dun empedrado nun traxecto do paseo, ramplas para o acceso de persoas minusválidas desde as rúas anexas, varias xardineiras grandes de pedra ó longo do paseo onde se plantaron unha diversidade de plantas e a ampliación da zona iluminada no paseo coa colocación de novos farois. Ademais destas reformas, mellorouse o servizo público do lugar coa colocación de ramplas de acceso á praia, fontes, papeleiras, bancos, etc. que fan que o paseo sexa algo máis chamativo para pasear e descansar.

Iago Capelo, alumno-traballador da especialidade de electricidade da EO Granxa da Rúa III

Paseo Marítimo de Rodeira (Cangas), acondicionado pola EO Granxa da Rúa III

Obraquedobra

Respecto ás demais obras, como a rehabilitación dos lavadoiros da Congorza e de Outeiro-Balea, coa limpeza e a colocación de novos teitos, recupéranse lugares con certa historia xa que datan de bastantes anos. Así mesmo, coa rehabilitación da área recreativa de Outeiro-Balea e coa creación dun miradoiro e un merendeiro en Cimadevila conséguense lugares dos que os veciños poden disfrutar.

Todas estas obras realizadas no concello creo que causan unha boa aceptación pola poboación xa que cando estábamos na realización dos traballos a xente felicitábanos, dicían que as obras estaban quedando moi ben e animábannos a seguir traballando; todos estes comentarios sobre todo facíanse no acondicionamento do Paseo marítimo de Rodeira. Xustamente esta obra de Rodeira, na que pola súa proximidade se podería incluír o axardinamento da rotonda da Barriada, é a obra máis importante nesta Escola Obradoiro por ser un dos lugares máis frecuentados polos veciños de Cangas e polo seu turismo, e tamén o que máis necesitaba unha transformación como a que realizamos tódalas especialidades da escola. Esta transformación serviu para embelecer o aspecto do paseo e crear un lugar capaz de albergar eventos importantes como o campionato do mundo de catamaráns que tivo lugar este verán nesta vila.

Tamén no recinto da Escola outros programas de Escolas Obradoiro que houbo anteriormente realizaron naves, melloras de equipamento... que nós, na actualidade, estamos utilizando, e incluso estamos ampliando coa creación de novas aulas, instalacións informáticas, construción de novas naves e melloras no recinto en xeral para que alumnos de futuras Escolas Obradoiro poidan disfrutar delas.

> As obras realizadas causaron unha boa aceptación pola poboación, xa que cando estabamos traballando a xente felicitábanos

> A participación na escola obradoiro deume a oportunidade de coñecer un oficio para min descoñecido como é o de electricista

En definitiva, creo que os traballos cumpren coas necesidades en maior ou menor medida da poboación xa que tanto en Rodeira, como na rúa "Subida á Torre do Galo" e en xeral en tódalas obras que realizamos se melloraron os servizos dos que se dispoñía, e coas reformas e creacións de áreas de lecer, miradoiros e merendeiros o que fan que os veciños teñan máis sitios para pasar o tempo de lecer.

A miña participación este ano e medio na Escola Obradoiro "Granxa da Rúa III" deume a oportunidade de coñecer un oficio para min descoñecido, como é o de electricista. En todo este tempo fun aprendendo algúns coñecementos da materia e adquirindo experiencia en obras a pé da rúa, que fan que estea nunha mellor posición para optar a un posto de traballo na especialidade. Ademais, tamén adquirín coñecementos sobre prevención dos riscos laborais nun curso oficial que realizou a escola, debuxo, orientación laboral, etc.

Tamén sei de xente que participou noutros proxectos de Escolas Obradoiro e que logrou emprego na modalidade nas que se formaron, o que é un incentivo para que eu poida conseguilo.

Para rematar, destaco tanto aos compañeiros da especialidade como os doutros módulos polo compañeirismo que existiu durante este ano e medio e o tratamento cos monitores e todo o persoal da Escola Obradoiro..

Rehabilitación desenvolvida pola EO Granxa da Rúa III (Cangas)

Abonda coa formación en Educación Básica para obter o graduado en ESO?

Obraquedobra

Catro alumnas traballadoras (María González Fernández, Rosalía Rodríguez Vila, Dolores Diéguez Couso, Belén Edreira Fernández) e un alumno traballador (Universo Seijo Rodríguez) do Obradoiro de Emprego "Concello de Mos" repasan coa docente de Educación Básica (Rebeca Pino Dantes) a súa experiencia logo do exame de graduado en ESO

María González Fernández, Rosalía Rodríguez Vila, Dolores Diéguez Couso, Belén Edreira Fernández e Universo Seijo Rodríguez

Ao longo dos últimos 6 meses un total de 14 persoas do obradoiro de emprego "Concello de Mos" participaron no módulo de Educación Básica. De entre elas, cinco manifestaron o seu interese por presentarse ás probas para a obtención do título de graduado en ESO que tiveron lugar o pasado 12 de setembro, obtendo uns resultados que, á marxe das cualificacións, representan unha aposta decidida por mellorar o seu nivel académico logo de moitos anos afastados da educación regrada. Por se a alguén lle interesa, cabe dicir que tres das persoas que se presentaron superaron unha das áreas de coñecemento, circunstancia que lles permitirá non ter que examinarse dese bloque se deciden continuar á procura do título. O resto, pola contra, deberá preparar toda a materia en caso de voltar.

Deténdose un pouco nas causas que podan explicar estes resultados, o principal argumento esgrimido polos cinco persoas alumnas alude ao tempo. Segundo declara Dolores Diéguez, "tiñamos que ter iniciado antes as clases e os estudos por sinaturas. É ilóxico que o obradoiro arranque en decembro e a mestra non se incorpore ata tres meses despois". Abundando nisto e na desigual distribución do traballo doméstico entre homes e mulleres, Rosalía Rodríguez engade que "temos que traballar no obradoiro, facer as cousas da casa, estudar e examinarnos. A verdade é que non chegamos a todo". Belén Edreira corrobórao, "de principio, na casa din que nos apoian, pero cando se trata de liberarnos de traballo para nos adicar a estudar, o apoio non se ve". María González móstrase de acordo, se ben destaca que nas súas circunstancias a necesidade de estudo acrecéntase dada a falla de hábito, "levamos moitos anos fóra da escola", declara.

Ademais do factor tempo, a maioría subliña a importancia do grupo, "o grupo afecta para ben e para mal. En positivo, porque nos apoiamos e animamos entre todos e todas. En negativo, porque a xente que está desmotivada pola educación básica atrasa as clases e ralentiza o ritmo", explica Universo Seijo. Como solución a este problema sinalan a opción de formar grupo específico de preparación do exame á marxe das clases ordinarias, "deberíamos formar dous grupos entre os que non temos a ESO: un cos que vaian presentarse ao exame e outro coas persoas que non", propón María. Neste aspecto a docente Rebeca Pino comparte a opinión do alumnado traballador, "dividindo a clase por obxectivos e con programas adaptados a cada segmento do alumnado traballador obteríamos mellores resultados incluso co mesmo número de horas". Así e todo, a mestra cre necesario establecer un mínimo de carga lectiva para a Educación Básica se a pretensión é acadar a meta do graduado, "catro horas á semana divididas en dous días poden ser suficientes se seguimos o esquema de grupo específico", opina a docente, "a chave, en todo caso, é que esta materia complementaria se inicie á par que o proxecto tendo en conta que é de obrigada impartición nos obradoiros de emprego".

O Graduado en ESO e a inserción

"Eu tiña claro que quería o graduado dende que nunha entrevista de traballo botáronme para atrás por non telo", así de clara se mostra Belén á hora de explicar a súa motivación por obtelo e a súa incomodidade ante o suspenso. Universo e Dolores, non obstante, buscaban outra cousa, "o graduado en ESO era a oportunidade de estudar o que realmente me gustaría, un ciclo medio de enfermería", admite Loli. Para María e Rosalía, pola contra, o graduado era importante de seu porque melloraría a súas posibilidades de emprego, "o noso obxectivo é insertarnos laboralmente canto antes e a ESO nos axudaría", reiteran as dúas.

Para Rebeca Pino detrás dunha decisión como a de presentarse ás probas hai moita valentía e un certo grao de necesidade, "preparar un exame coma este require dunha dedicación que moi poucas persoas adultas e con traballo poden aportar. Precisamente porque saben iso, ven o seu paso polo obradoiro de emprego como unha oportunidade que moi dificilmente se vai repetir". A maiores, Rebeca quéixase das dificultades que estas persoas van ter á hora de continuar os seus estudos, "en Mos, como en moitos outros lugares de Galicia, non existen servizos que favorezan a obtención do graduado en ESO por parte de adultos. Mentres estes servizos non se xeneralicen e acheguen ás persoas vai ser moi complicado continuar o traballo que empezamos nos obradoiros pero que nunca conseguimos acabar. Estes proxectos son o primeiro paso que dan os alumnos pero nunca o definitivo".

A importancia dunha silvicultura axeitada na forestación dos montes

Apuntamentos

María López Leyro
Vicepresidenta de Montes particulares
Asociación Forestal de Galicia

Despois dos incendios forestais do verán do 2006 parece que todo o mundo quere falar da magnitude da destrución e da maldade do que asemella a malintencionada provocación dos lumes.

Sen restarlle importancia ás perdas (que incluíron catro vidas e que poden acadar preto de 100.000 ha contando todo o ano) nin á extraordinaria seca de longas semanas e continuos e fortes ventos do nordés que favoreceron os lumes, hai outros aspectos importantes que están sendo ignorados como é a necesidade de continuar traballando para mellorar a produción nun sector fundamental da nosa economía.

Agora, que estamos a punto de planear a recuperación do perdido, non podemos ignorar o importante que vai ser unha silvicultura apropiada na nova reforestación e creación dos montes da nova Galicia forestal (post incendios 2006) que moitas de nós non chegaremos a ver. Non se trata dunha idea pesimista: unha silvicultura dirixida a producir madeira de calidade tarda cando menos uns 25 anos en producir resultados tratándose de eucalipto, 30 ou 35 anos se falamos de piñeiros e máis de 50 anos se falamos de madeira de frondosas (castiñeiro, cerdeira, nogueira, carballo, freixo ou faia, por exemplo).

> Non hai que ignorar a importancia dunha apropiada silvicultura na nova reforestación

Os silvicultores saben ben que o monte é traballo para eles e beneficios para os que veñen detrás que terán que traballar para que outros poidan beneficiarse e seguir traballando, do mesmo modo que os beneficios de hoxe son o resultado dos traballos e dos aforros doutros. O monte é un dos mellores exemplos de cultivo sostible que, ben xestionado, se pode manter ao longo do tempo sen esgotar os recursos que fan posible a súa produtividade.

Unha silvicultura coidadosa, apropiada para cada especie, responsable e sostibl da como resultado madeiras estimadas e ben pagadas nos mercados, que serven para a elaboración de produtos de grande valor engadido.

Estas madeiras de calidade comezan por ter anos, os que se tarde en producir troncos dun certo diámetro que permitan obter madeira de desenrolo, madeira que se corta en redondo, seguindo os aneis de crecemento da árbore como si se estivera a mondar unha mazá. Este tipo de corte e este tipo de madeira de chapa representan a calidade e o prezo superiores.

O potencial produtivo madeireiro de Galicia, considerando as medras que se obteñen, é considerable

Para obter madeira de desenrolo de calidade é importante que o tronco sexa dereito e non teña nós, o que se controla con unha poda adecuada, realizada no seu tempo en pés seleccionados facendo claras no monte e eliminado as árbores menos prometedoras por non ser dereitas ou por outras razóns.

Para obter madeiras de calidade ao cabo do tempo é necesario partir de planta seleccionada, polo que é importante asegurarse que se compra nun viveiro certificado, que a terra que vai recibir a planta estea libre de maleza para que o mato non impida o crecemento da planta con abundante luz e sol, e escoller un marco de plantación adecuado.

As coníferas (os piñeiros e todas as árbores que dan como froito as pinas, que teñen forma de cono) poden ser plantadas a un marco de 3 metros por 3 metros, aínda que hai técnicos que recomendan un marco inicial de 3 x 4 m. Os 4 m de distancia entre as filas son recomendados para dar paso ás máquinas que fagan as labores de limpeza ao longo da vida da plantación, e poden ficar reducidos a 3 m x 3 m ao cabo dos anos cando a planta adquira un grosor considerable, digamos de 48 a 50 cm de diámetro a altura do peito dunha persoa, que se considera xeralmente a uns 1,30 m do chan.

O potencial produtivo madeireiro galego, considerando as medras que se obteñen, é considerable, inclusive extraordinario, no hemisferio norte onde a produción forestal se concentra nas grandes extensións boreais onde a xente non vive polas baixas temperaturas (ou vive en escasos números), e en zonas con baixa densidade de poboación. **(Táboa 1)**

Na Unión Europea, Finlandia con case 340.000 quilómetros cadrados de extensión e pouco máis de 5 millóns de habitantes concentrados no sur do país, é o país madeireiro máis importante. Os bosques fineses producen máis de 60 m3 de madeira cada ano, case exclusivamente de piñeiro silvestre (Pinus sylvestris), abeto (Picea abies), e bidueiro (Betula glutinosa) que os fineses cortan en quendas de 80 ou máis anos. O crecemento medio destas tres especies é de 4 m3/ha/ano, comparable ao crecemento do carballo en Galicia, pero por baixo do crecemento do castaño e considerablemente por baixo dos crecementos do piñeiro e do eucalipto.

A contribución da industria madeireira ao sector industrial finés é do 21%, con unha facturación de 34.000 millóns de euros incluindo a actividade que intereses forestais fineses teñen internacionalmente. (Datos da Asociación de Investigación Técnica de la Madera y el Corcho, http://infomadera.net/).

Galicia, cos seus 30.000 quilómetros cadrados de superfice, dos que 2.040.000 ha están destinadas á produción forestal, produce un estimado 45-50% da madeira cortada no Estado español que representa un 3,5% do produto interior bruto galego, quérese dicir da suma total do valor de mercado dos bens e servizos producidos en Galicia ao longo do ano. **(Táboas 3 e 4)**

Apuntamentos

Táboa 1. Crecementos madeireiros medios anuais en Galicia

Especies	Crecemento medio (m3/ha/ano)
Eucalyptus globulus	20
Pinus pinaster	17
Pinus radiata	15
Castanea sativa	10
Quercus robur	4

Fonte: III Inventario Forestal de Galicia. 1997-2006 Galicia.
Ministerio de Medio Ambiente

Táboa 2. Nomes galegos e botánicos das especies forestais máis abondosas na Comunidade Autónoma de Galicia

Nome galego	Nome botánico
Piñeiro do país	*Pinus pinaster*
Carballo	*Quercus robur*
Eucalipto	*Eucaliptus globulus (ou E. nitens)*
Piñeiro Silvestre	*Pinus sylvestris*
Cerquiño ou rebolo	*Quercus pyrenaica*
Piñeiro insigne	*Pinus radiata*
Castaña	*Castanea sativa*

A Asociación Forestal de Galicia é unha organización privada sen ánimo de lucro formada por propietarios particulares e comunidades de montes en mancomún de Galicia. A súa sede social encóntrase en:

Rúa do Vilar, 33 1º 15.780 Santiago de Compostela

Tlf.: 981 56 40 11 | Fax: 981 56 33 79 | www.asociacionforestal.org | e-mail: asforgal@iies.es

Táboa 3. Produción total en m3 en España

Ámbito	Produción (m3)
Galicia	5.129.864
España	10.193.815

Fonte: III Inventario Forestal de Galicia. 1997-2006 Galicia.
Ministerio de Medio Ambiente

Táboa 4. Superficie forestal galega e especies dominantes

Especies	Hectáreas
Pinus pinaster	383.631,78
Quercus robur	187.788,97
Eucalyptus globulus	174.210,40
Pinus pinaster + Eucalyptus globulus	159.413,93
Quercus pyrenaica	100.503,78
Pinus sylvestris	63.195,60
Pinus radiata	59.198,27
Castanea sativa e outras frondosas	45.518,25
Pinus pinaster e frondosas	37.982,25
Pinus pinaster, Eucalyptus globulus + Quercus robur	33.781,91
Quercus robur, Eucalyptus globulus + outras frondosas	28.940,38
Crecemento espontáneo (mato e monte raso)	105.830,00
Vexetación de ribeira	25.455,69
Total	1.405.451,21

Fonte: III Inventario Forestal de Galicia. 1997-2006 Galicia.
Ministerio de Medio Ambiente

Podemos vencer aos lumes forestais

Xose Alfredo Pereira Martínez
Presidente da Organización Galega de Comunidades de Montes (ORGACCMM)

Apuntamentos

Un verán máis, os montes, e dentro deles os montes veciñais en man común, padeceron a catástrofe dos lumes forestais. Desgraciadamente, este non é un problema do presente verán. Os lumes forestais danse nos nosos montes dende hai moitos anos. Cómpre facerse a pregunta ¿Por qué arden os montes?

Os montes arden porque hai miserables que lle prenden lume e porque hai causas condicionantes e intereses para que ardan; non nos esquezamos que entre o 80% e o 90% dos lumes son intencionados. É preciso pois, analizar a problemática dos lumes forestais dentro do sistema xa que están condicionados por factores económicos, sociais, políticos e mesmo psicolóxicos. Máis para situar a problemática dos lumes na perspectiva de combatelos, cómpre facer unha viaxe retrospectiva.

Os montes veciñais en man común foron o soporte de complexo agrogandeiro. Era un dos medios de vida da sociedade rural labrega xa que existía unha relación monte-veciñanza. Na época franquista, os montes veciñais en man común fóronlle roubados aos titulares a favor dos concellos, e foron forestados con especies de crecemento rápido, expulsando dos montes aos veciños e veciñas comuneiros. Os montes veciñais en man común deixan de ser medio de vida e os seus titulares pasan a vivir de costas aos mesmos.

Cando na década de 1970 do século pasado, os veciños e veciñas comuneiros comezan a recuperar os seus montes, estes xa deixaron de estar asociados ao complexo agro-gandeiro e chegan aos seus titulares nun 50% forestado en réxime de case monocultivo (as mellores terras), e no outro 50% en estado de abandono (as peores terras). Con este cambio, ao que hai que engadirlle o cambio na sociedade xa que se produce un abandono do mundo rural, os montes veciñais en man común modifícanse radicalmente. O monte veciñal en man común xa non ten valor e é o gran descoñecido da sociedade galega.

Cando na década de 1970 do século pasado, os veciños e veciñas comuneiros comezan a recuperar os seus montes, estes chegan aos seus titulares nun 50% forestado e no outro 50% en estado de abandono

Nas políticas de prevención hai que analizar as causas que provocan ou que poden provocar os lumes para a continuación, formular alternativas para as mesmas

As causas dos lumes forestais nos montes veciñais en man común, son comúns e distintas nas diferentes zonas de Galicia. De aí que a erradicación dos lumes nos montes galegos, non se poida formular a curto prazo. Por facer unha clasificación, podemos dividir as causas dos lumes en estruturais, políticas, de intereses encontrados e silvícolas. Entre as causas estruturais podemos enumerar: abandono do rural, modificación das funcións do monte, concepción do monte como reserva de solo barato, etc. Entre as causas políticas atopamos: identificación do forestal co monte, deslindes sen facer, falla dunha política medioambiental e falla de ordenación dos usos da terra. Polo que fai referencia aos intereses encontrados podemos dicir: industria florecente do lume, gandería, solta de animais salvaxes, caza, etc. E, polo que respecta as causas silvícolas podemos citar: monocultivos forestais, desorde das masas boscosas, especies bioinvasora, etc.

Na loita contra os lumes forestais, hai que distinguir tres facetas: a loita preventiva, a propia extinción do lume e a investigación e denuncia dos culpables. Estas dúas últimas facetas deben de ser competencia exclusiva da Administración Galega. Máis para que sexan máis eficaces, na faceta de extinción dos lumes forestais, débense producir diversos cambios. Deberanse eliminar as axudas que reciben as comunidades de montes para a formación de equipos para a extinción dos lumes forestais. E isto porque a loita contra os lumes forestais nesta faceta é tamén unha loita pola defensa do medio ambiente, e esta non debe ter padriños privados, porque a loita contra o lume hai que facela con medios técnicos adecuados e con persoal cualificado, e porque a loita contra o lume débese facer, non dende a óptica do negocio, e si dende a óptica de un servizo social. En vez de esas axudas, deberíase camiñar de cara a unha sinatura de convenios de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e as comunidades de montes, co fin de manter equipos nos montes durante todo o ano. Porque ademais isto é unha forma de implicar á sociedade civil nesta loita.

A loita principal contra os lumes forestais é a faceta de prevención. Máis non entendendo soamente como prevención o ter os montes limpos, as pistas forestais axeitadas e os puntos de auga prestos. Entendendo tamén como política de prevención o analizar as causas que o provocan ou que poden provocar os lumes para a continuación, formular alternativas para as mesmas. Alternativas que segundo as causas dos lumes formuladas máis arriba, teñen que ser de carácter estrutural, lexislativas, políticas e silviculturais.

Apuntamentos

> Hai que considerar o problema dos lumes forestais, non soamente como un problema dos titulares das terras queimadas, senón como un problema da sociedade galega no seu conxunto. Para elo é preciso a educación medioambiental

¿Teñen solución os lumes forestais nos montes galegos? Entendo que si, máis é unha loita difícil que vai levar o seu tempo. Porque para iso, terán que mudar varias cuestións. Cuestións como son:

1) Considerar o problema dos lumes forestais, non soamente como un problema dos titulares das terras queimadas, senón como un problema da sociedade galega no seu conxunto. Para elo e preciso unha educación medioambiental e de coñecemento do monte en todo o currículo escolar.

2) Camiñar cara a unha nova política de montes radicalmente distinta á que houbo ata este momento. Unha nova política de montes que consensuada con todos os sectores implicados (Administración, comunidades de montes, empresas de madeira, empresas silvícolas, sindicatos, movemento ecoloxista):

- Contemple ao monte veciñal en man común como unha titularidade máis e distinta do que son as propiedades públicas e privadas, xa que deste xeito, teríase que lexislar especificamente para o monte veciñal en man común.

- Permita o desenvolvemento de todos os usos dos montes veciñais en man común de cara a lograr un monte multifuncional relacionado co desenvolvemento do mundo rural no camiño de xerar emprego e fixar poboación.

- Elabore un plano de ordenación do uso das terras, que indique onde se pode forestar e onde non; que especies poden ir nas zonas que se poden forestar, que terras hai que forestar en réxime silvipastoril.

> Débese procurar o desenvolvemento de todos os usos dos montes veciñais en man común de cara a lograr un monte multifuncional relacionado co desenvolvemento do mundo rural

Temos que sentirnos orgullosos de ser titulares de estes bens patrimoniais de gran valor social, medioambiental, cultural e económico. Temos que decatarnos que só os veciños e veciñas comuneiros poden xestionar e administrar o monte

■ Contado con planos agrogandeiros e forestais que definan os produtos do monte como produtos de calidade (carne, mel, cogomelo,...), que aposte polo aproveitamento racional da biomasa forestal e que apoie aos proxectos de posta en valor dos montes que teñan as comunidades.

■ Inserida nunha política económico-social que beneficie ao país.

■ E que dentro deste marco, permita a decisión soberana dos veciños e veciñas comuneiros para decidir sobre os seus montes.

3) Unha nova actitude dos veciños e veciñas comuneiros. Temos que camiñar cara ao logro dun monte multifuncional, axustado en primeiro lugar ás demandas dos veciños-veciñas comuneiros, e en segundo lugar ás demandas da sociedade no seu conxunto. Para elo, temos que sentirnos orgullosos de ser titulares de este bens patrimoniais de gran valor social, medioambiental, cultural e económico. Temos que decatarnos que só os veciños e veciñas comuneiros, e ninguén alleo a eles, pode xestionar, administrar e decidir sobre os seus montes. Temos que buscar nas asembleas xerais e vínculos que fagan interesante a existencia do monte veciñal; e este ten que decidilo cada comunidade de montes xa que non é para todos os montes igual. Temos que lograr que a posta en valor dos montes veciñais en man común signifique o desenvolvemento da zona de influencia do monte e a mellora da calidade de vida dos veciños e veciñas comuneiros, e xa que logo, fixar poboación.

O camiño é longo; non sempre en liña recta. Máis é o camiño que ao final do seu traxecto, significará que cando menos, os lumes nos montes galegos deixen de ser a catástrofe que hoxe son.

Temos que lograr que a posta en valor dos montes veciñais en man común signifique o desenvolvemento da zona de influencia do monte

Apuntamentos

Os montes periurbanos de Vigo

Antonio Comesaña Solla
Presidente da Mancomunidade de Montes de Vigo
José Pérez Vilariño
Catedrático de Socioloxía USC
Seminario de Estudios Socioeconómicos de Pontevedra Carlos Velasco

Durante séculos o monte foi un recurso de primeiro orden na estrutura económica da Galicia rural; ademais de madeira, brindaba ás economías domésticas toda unha serie de bens de primeira necesidade: leña, pastos, froitos silvestres, caza,...; incluso ofrecía a posibilidade de cavar novos terreos agrícolas no caso de necesidade. O monte facía parte dun espazo rural, no que unha diversidade de usos complementarios configuraban unha paisaxe feita de discontinuidades, que o defendían do risco de grandes incendios. A plena inserción do monte na estrutura social, económica e cultural da comunidade rural galega permitía o uso do lume como unha ferramenta indispensable na xestión destes espazos.

> Sen renunciar ao seu carácter de recurso básico para un dos principais sectores industriais, os montes deberán atribuír un peso crecente aos servizos ambientais e recreativos, demandados polas novas sociedades terciarias

A crise da sociedade rural e a emigración masiva trouxeron consigo un abandono xeneralizado dos montes e de amplos espazos agrarios, que incrementaron a superficie a monte sometida a un elevado risco de incendio de grandes dimensións. Este proceso de desertización das terras do interior tende a coincidir no tempo cunha forte confusión de usos dos novos espazos periurbanos, en cuxo entorno se instalan, de forma tan desordenada como brusca, os novos urbanitas que non atopan un aloxamento acorde coas súas demandas nas cidades. A tensión entre estes diferentes usos está na raíz do elevado número de lumes, en xeral de dimensións reducidas ata este verán, no que se produciron grandes incendios, precisamente, no entorno urbano de Santiago-Pontevedra-O Morrazo. Neste contexto, os montes de Vigo constitúen unha excepción.

A integración dos bosques na trama urbana

Nos albores do séculos XXI, o monte galego é un recurso dispoñible de futuro, que debe afrontar o reto de atraer as inversións necesarias para responder á complexidade crecente que lle impón a nova lóxica urbano-metropolitana. Tal como mostra a experiencia dos países avanzados, para logralo son precisos dous requisitos ineludibles:

- Conseguir que o monte desempeñe na Galicia urbana o mesmo que antes na sociedade rural, unha función estratéxica. Sen renunciar a seu carácter de recurso básico para un dos nosos principais sectores industriais, os montes -e dun modo especializado os montes periurbanos- deberán atribuír un peso crecente aos servizos ambientais e recreativos, demandados polas novas sociedades terciarias.

■ Establecer liñas profesionais de xestión que permitan harmonizar os distintos usos e aproveitamentos do monte, para dar resposta de forma sostible ás demandas solventes dos diferentes grupos e institucións sociais.

O Plan Forestal de Galicia -documento de consenso aprobado en 1992 sen ningún voto en contra no Parlamento de Galicia para un horizonte de corenta anos- definiu 73.000 hectáreas de Parques e Espazos Periurbanos, dos que se deben dotar as grandes áreas urbanas para dispoñer de espazos ambientais e recreativos de calidade. Entre estes servizos destacan: actividades de esparexemento e recreo ao aire libre, goce e coñecemento da natureza, conservación da biodiversidade, renovación da atmosfera, regulación dos leitos de auga, freo á erosión, preservación e mellora da paisaxe, conservación do patrimonio,...

A situación privilexiada destes montes no entorno das áreas mais poboadas constitúe a súa gran potencialidade e o seu potencial risco. Para que a súa ordenación e a súa xestión resulten sostibles é preciso que todos os colectivos implicados poidan presentar as súas demandas solventes e asumir a súa parte de responsabilidade na xestión. No caso de Vigo, é preciso recoñecer, así mesmo, que os montes veciñais en man común que rodean a cidade contan con titulares, que durante os últimos vinte anos veñen realizando un notable traballo de organización e mellora destes espazos. A súa xestión é a que fai posible a súa conservación nun entorno de moi alto risco. Pero a necesidade de responder a unha crecente demanda social pouco solvente aínda reclama unha colaboración mais estreita por parte das Administracións Públicas e dos axentes civís.

> Reclámase unha colaboración máis estreita por parte da Administración



Vista aérea dos montes de Vigo, anos 40

Apuntamentos

O aproveitamento destes recursos presenta en Galicia e mais aínda en Vigo, entre outros, un extraordinario potencial turístico, cuxas sinerxías co mar deben contribuír, por unha banda, a incrementar a calidade e a diversidade da oferta e, pola outra, a desestacionalizar o sector. Os protagonistas desta reconversión do monte deben ser, en primeiro lugar, os seus propietarios e titulares, a través das súas organizacións profesionais e, en segundo lugar, a propia cidade a través dos seus diferentes actores corporativos. O resultado desta acción negociada entre Administracións Públicas e axentes civís será o deseño de políticas que permitan un aproveitamento integral desta inmensa riqueza ecolóxica, que faga posible a mellora da calidade de vida da cidade.

O proxecto "Natureza Viva" e a Mancomunidade de Montes de Vigo

A primeira experiencia de constitución e xestión de montes periurbanos ofrécenola a iniciativa innovadora da Mancomunidade de Montes de Vigo. Con este propósito, en colaboración coa Cámara Municipal de Vila Nova de Cerveira en Portugal deseñou o proxecto "Natureza Viva (NAVI)" que, co apoio institucional da Consellería de Medio Rural, a Deputación Provincial e o Concello de Vigo, foi aprobado dentro do programa Interreg III-A da UE. A clave desta iniciativa exitosa das Comunidades de Montes Veciñais en man común de Vigo reside no feito de dotarse dunha personalidade corporativa a través da Mancomunidade de Montes de Vigo, que comeza a tomar corpo en 1996. A superficie da que son titulares as trece Comunidades que compoñen a Mancomunidade representa unhas 1.680 hectáreas (o 15% da superficie total do municipio de Vigo e o 75% da súa superficie arborizada). Estes montes, coa excepción da Entidade Menor de Bembrive, contan con algo máis de 3.500 comuneiros ou titulares directos e nos núcleos parroquiais de referencia residen máis de 75.000 persoas.O proxecto NAVI pretende sentar as bases dun Plan de Usos para eses montes, a partir da realización dun Inventario Forestal e un Estudo Socioeconómico, que inclúe unha ampla auditoría social da poboación de Vigo e dos principais actores corporativos da cidade; esta última foi realizada polo Seminario de Estudios Socioeconómicos de Pontevedra Carlos Velasco, en colaboración coa Universidade de Santiago e a empresa Sondaxe. Así como unha colaboración do sociólogo Manuel Pérez Rúa que enriqueceu os resultados a través dun estudo cualitativo sobre as comunidades de montes. A partir das achegas destes estudos, deséñanse proxectos viables de aproveitamento dos recursos, que respondan ás demandas e favorezan a creación de emprego no eido das diversas Comunidades.

> A inmensa maioría dos cidadáns, dos usuarios e as entidades corporativas, e a práctica totalidade dos comuneiros coinciden en considerar que os montes de Vigo constitúen un activo de gran valor

As conclusións deste estudo desvelan un punto de partida esperanzador para poder afrontar con éxito accións encamiñadas a integrar os bosques na trama urbana de Vigo. Destaca o feito de que a inmensa maioría dos cidadáns, dos usuarios e as entidades corporativas, así como a práctica totalidade dos comuneiros coinciden en considerar que os montes de Vigo constitúen un activo de gran valor, que debe aproveitarse para cumprir unha ampla variedade de funcións. Delas, a principal é ofrecer espazos de ocio e calidade á cidade e contribuír á súa mellora ambiental. Esta visión é considerada compatible co desenvolvemento de iniciativas económicas respectuosas coa natureza e o patrimonio histórico e capaces de aproveitar sinerxías con outros sectores de actividade, en particular o turismo, en cuxo aproveitamento os axentes corporativos móstranse dispostos a participar.

O primeiro paso para converter uns montes parroquiais en periurbanos dunha gran urbe é reducir a distancia social existente entre a cidade e as comunidades de montes

O primeiro paso para converter uns montes tradicionais de carácter parroquial en Montes Periurbanos dunha gran aglomeración urbana é reducir a distancia social existente entre a cidade e as Comunidades de Montes, creando unha nova Cultura Forestal solvente e responsable. A Mancomunidade de Montes de Vigo deu un primeiro paso firme, ao poñer en marcha o Proxecto Natureza Viva en nome de todas as Comunidades de Montes Veciñais do Municipio e a Entidade Menor de Bembrive. A plena integración económica e social dos montes do municipio de Vigo na trama urbana constitúe hoxe a condición obrigada e a tarefa pendente para a supervivencia destes relativamente amplos espazos e para a calidade de vida da cidade. Tanto as Administracións Públicas como os usufrutuarios destes espazos deben, por unha banda, ter a oportunidade de participar na definición da calidade e os servizos que queren nos montes, pero teñen tamén que contribuír a sufragar o seu custo. As demandas forestais como -calquera outra demanda de equipamento ou de consumo- teñen que ser solventes. O monte periurbano aseméllase cada vez máis ao xardín ou ao parque das nosas casas. E o mesmo que sucede coa nosa propia vivenda, a calidade dos nosos montes só será a que esteamos dispostos a financiar, aínda que para elo teñamos que endebedarnos a longo prazo.

Vista aérea de Vigo, anos 40

UNIDADE DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
Dirección Xeral de Promoción do Emprego

UNIDADE DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO
MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

FONDO SOCIAL EUROPEO

REDE DE TÉCNICOS DE EMPREGO DE GALICIA